

**NÚMERO 6/18**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE MAIO DE 2018.**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día trinta e un de maio de dous mil dezaioito, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelo, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Escusou a súa ausencia o concelleiro D. José Emilio Gómez López.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.-**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 5/2018, de 26 de abril de 2018.-

**2º.- Modificación do Regulamento Orgánico municipal con relación ás actas e os libros de actas e resolucións.-**

Visto o expediente tramitado en virtude de informe-proposta da Secretaría Xeral para a modificación do Regulamento Orgánico municipal coa finalidade de adaptar as normas de funcionamento dos órganos municipais no tocante ao réxime das actas e dos libros de actas e resolucións, contidas no seu Capítulo IV, titulado “Da fe pública” e cuxo texto é o orixinal aprobado no ano 2004, aos cambios legislativos producidos desde entón, asumindo neste eido a obriga de emprego de medios electrónicos nas actuacións das administracións públicas, tanto na produción documental e na tramitación dos procedementos, como no formato dos expedientes e no seu almacenamento e arquivo, así como as obrigas en materia de transparencia e acceso á información pública.-

Considerando que no expediente se acredita a adecuación desta modificación do Regulamento Orgánico aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, que constitúen os principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei do Procedemento Administrativo Común, en harmonía co ditame da Comisión apróbese por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico municipal, dando nova redacción aos seus artigos 72, 73 e 74 e incorporando unha disposición transitoria, redactados nos seguintes termos:

“Artigo 72.-

1. De cada sesión plenaria, e das da Xunta de Goberno Local cando actúe con competencias decisorias, o Secretario Xeral da Corporación estenderá acta en documento electrónico, na que se fará constar:

- a) Lugar da reunión, con expresión do nome do Municipio e local en que se celebra.
- b) Día, mes e ano.
- c) Hora en que comeza.
- d) Nome e apelidos do Presidente, dos membros da Corporación presentes, dos ausentes que se escusaran e dos que falten sen escusa.
- e) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e, neste segundo caso, se a mesma é de carácter urxente, e en todo caso, se se celebra en primeira ou segunda convocatoria.
- f) Asistencia do Secretario ou de quen legalmente lle substitúa, e presenza do funcionario responsable da Intervención, cando concorra.
- g) Asuntos que se examinen, opinións sintetizadas dos grupos ou membros da Corporación que interviron nas deliberacións e incidencias destas.
- h) Votacións que se verifiquen e o resultado das mesmas, debendo indicarse no caso das ordinarias, o número dos votos afirmativos, dos negativos e das abstencións, coa expresión, se así se solicitase, dos correspondentes a cada grupo municipal de concelleiros, e nas nominais o sentido en que cada membro emita o seu voto. Farase constar así mesmo nominalmente o sentido do voto cando así o pidan os interesados
- i) Parte dispositiva dos acordos que se adopten.

j) Hora en que o Presidente levante a sesión.

2. Prescindirase de reflectir nas actas de sesións plenarias as opinións sintetizadas dos grupos ou membros da Corporación que interviron nas deliberacións, sempre que a correspondente sesión se gravase mediante o sistema de videoacta e a acta escrita recolla a referencia aos arquivos audiovisuais da sesión, asinados dixitalmente polo Secretario.

3. As actas dixitais serán asinadas electronicamente polo Secretario do órgano municipal correspondente, co visado do Alcalde mediante a súa sinatura electrónica.

4. Os decretos ou resolucións da Alcaldía constarán en documentos asinados electronicamente polo Alcalde, ou os seus substitutos ou delegados, cando proceda, e polo Secretario Xeral.

Artigo 73.-

As actas do Pleno e da Xunta de Goberno e as resolucións da Alcaldía incorporaranse a libros electrónico xenerados na aplicación ou plataforma de administración electrónica do Concello, a cal garantirá a integridade, autenticidade, calidade, confidencialidade, protección e conservación dos ficheiros electrónicos correspondentes. Cada libro abranguerá o período dun ano natural.

Do mesmo xeito e cos mesmos requisitos confeccionaranse libros electrónicos de actas das comisións informativas e outros órganos complementarios. O titular da Secretaría poderá incluír nun só libro todas as actas de órganos complementarios producidas durante o ano natural.

Artigo 74.-

As sesións do Pleno da Corporación son obxecto de gravación en soporte audiovisual ou videoacta, e transmitidas en directo vía internet.

A videoacta ou acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión defínese como un conxunto de documentos electrónicos e multimedia que estará constituído en todo caso por:

a) A acta escrita, co contido e requisitos establecidos no artigo 72.

b) A gravación da sesión en arquivo audiovisual, que recollerá a literalidade das intervencións.

c) Sinatura electrónica dos arquivos audiovisuais da sesión pola persoa que exerce a secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos xurídicos ao documento.

Disposición Transitoria.- Incorporaranse a libros electrónicos todas as actas e resolucións ditadas en soporte electrónico ata o momento da entrada en vigor desta norma”.-

2º.- Expoñer ao público dito regulamento mediante anuncios no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de trinta días, para presentación de reclamacións e suxestións polos interesados, que serán resoltas pola Corporación. De non producirse reclamacións no prazo sinalado, o regulamento entenderase aprobado definitivamente.-

**3º.- Proposta de desestimación dunha solicitude de incorporación dun camiño ao inventario municipal (expte. RE-5275/16).-**

Dáse conta do ditame da Comisión informativa Xeral sobre o expediente tramitado a solicitude de D. Alberto Suárez Varela para incorporación dun camiño sito no lugar de Souto da Igrexa ao inventario de bens municipal; ditame que propón desestimar dita solicitude tendo en conta as alegacións presentadas polos veciños lindeiros co camiño en cuestión, así como os informes técnicos e xurídicos emitidos, e por considerar que non se trata dun camiño de uso público municipal e que, como di o informe do Técnico de Administración Xeral, o feito de que o interesado teña cedido unha porción de terreo nun espazo cualificado urbanisticamente como “viario público” non implica que o resto do camiño o sexa, senón que chegará a selo na súa totalidade unha vez que o Concello obteña o resto da superficie destinada a viario público conforme ao establecido na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.-

Sometido o asunto a debate, o sr. Anido propón que o asunto quede sobre a mesa para que se estude mellor a cuestión e se ditamine, no seu caso, en sentido favorable ao solicitado, xa que ao solicitante se lle concedeu unha licenza urbanística e con tal motivo houbo de ceder terreo para incorporar ao viario público. Dita proposta é rexeitada por sete votos a favor e nove en contra, procedéndose ao exame do ditame.-

O sr. Montouto informa de que o asunto foi estudado exhaustivamente e chegouse a comprobar que o camiño en cuestión non era unha vía de uso público municipal, se ben está chamado a selo previa obtención da totalidade dos terreos. O sr. Anido considera que debe ser incluída no inventario esa cesión para maior garantía

Sometido o asunto a votación, aprobouse por maioría, con nove votos a favor e sete votos en contra, o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude de D. Alberto Suárez Varela de incorporación ao inventario municipal de bens do camiño no lugar de Souto da Igrexa, parroquia de Meirás, que se indica na solicitude presentada o 27-6-2016 (nº de rexistro 5275), por considerar que non se trata dun camiño de uso público municipal e que, como di o informe do Técnico de Administración Xeral, o feito de que o interesado teña cedido unha porción de terreo nun espazo cualificado urbanisticamente como “viario público” non implica que o resto do camiño o sexa, senón que chegará a selo na súa totalidade unha vez que o Concello obteña o resto da superficie destinada a viario público conforme ao establecido na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.-

2º.- Notificar este acordo ao interesado co achega dos recursos procedentes.-

#### **Control de Órganos de Goberno:**

#### **4º.- Informes e comunicacións.-**

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 23-4-2018 a 26-5-2018.-

#### **5º.- Mocións.-**

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

#### **5.1º.- Moción do grupo PP para a sinalización vial en tres dimensións de pasos de peóns.-**

O sr. Anido, do grupo PP, xustifica a urxencia da moción na abundancia de atropelos que se podería paliar con esta iniciativa, consistente nunha pintura que dá unha visión tridimensional do paso de peóns acentuando a percepción visual de mesmo, o que non sendo a solución total, incrementaría moito a seguridade.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con sete votos a favor, oito votos en contra e unha abstención.-

#### **5.2º.- Moción do grupo BNG de apoio á lingua galega.-**

A sra. Reimúndez, do grupo BNG, defende a urxencia da moción facendo referencia á falta de fluidez que os nenos e nenas teñen en lingua galega, e considera que, como consecuencia do decreto do bilingüismo do ano 2010, a mocidade e os nenos e as nenas teñen incluso un rexeitamento pola lingua galega. Engade que, as actuacións e falta sensibilidade do Partido Popular vai acabar coas singularidades de cada nación deste estado e con algo tan identitario como é a lingua.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con oito votos a favor, sete votos en contra e unha abstención.-

#### **5.3º.- Moción do grupo BNG para apoiar a folga xeral do 19 de xuño.-**

O sr. Suárez defende a urxencia da moción do grupo BNG sobre apoio á folga xeral de 19 de xuño indicando que ten que ver co dereito a dignidade das persoas, de reclamar os seus dereitos como pode ser a lingua e o dereito a un traballo digno.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con oito votos a favor, sete votos en contra e unha abstención.-

#### **5.4º.- Moción do grupo PP para a solicitude do servizo de hospitalización a domicilio do CHUAC para o Concello de Sada.-**

A sr. García Freire defende a urxencia da moción do grupo PP explicando que se trata de solicitar un servizo extraordinario de asistencia hospitalaria a domicilio que evita o ingreso hospitalario de pacientes postoperatorios, anciáns que están en residencias e incluso pacientes oncolóxicos en fase terminal, que reciben atención na súa casa. Considera que se trata dun servizo primordial do que xa están a desfrutar outros municipios próximos.-

Efectuada a votación, resulta aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, pasando a sra. García Freire á súa exposición.-

A continuación o sr. Montouto, por Sadamaioría, presenta unha emenda a esta moción, se ben o seu grupo está de acordo coa importancia deste servizo, aclarando previamente que o mesmo é prestado principalmente na cidade da Coruña e só puntualmente nalgúns municipios próximos.-

O sr. Suárez comenta que a idea é innegablemente boa, aínda que opina que na moción faltan datos económicos e sociolóxicos, e máis rigor; non obstante o seu grupo vana apoiar; crítica as condicións do servizo do CHUAC e a política de recortes do PP.-

A sra. Bolaño polo PSOE manifesta o seu acordo coa moción e coa emenda presentada polo sr. Montouto, considerando que se vai poder sacar un texto unánime. Considera, non obstante, que este servizo debe poñerse en relación coa Lei de Dependencia, que nin se cumpre nin se está a valorar coa celeridade necesaria as situacións de dependencia. Considera que o solicitado está ben pero non é suficiente, sendo necesaria unha aposta pola sanidade pública e unha aposta de investimentos nos orzamentos da xunta.

Continúa o debate en torno ao funcionamento da sanidade pública con intervencións do sr. Montouto e do sr. Anido.-

Vótase a emenda, que resulta aprobada por unanimidade, quedando adoptado, en consecuencia, o seguinte acordo:

1º.- Instar a Xunta de Galicia, nomeadamente ao SERGAS como entidade pública instrumental competente en materia de sanidade, para que dote ao servizo de hospitalización a domicilio do CHUAC cos medios económicos e cos recursos humanos precisos e necesarios para chegar a unha porcentaxe maior de poboación, na que debería incluírse ao concello de Sada.-

2º.- Facultar ao Sr. Alcalde para iniciar cantas xestións sexan necesarias, dentro das súas competencias, para formalizar o presente acordo.-

#### **5.5º.- Moción de apoio á creación da Autoridade Única de Transporte da Área Metropolitana da Coruña.-**

O sr. Montouto xustifica a urxencia da moción indicando que a Declaración de María Pita, asinada polos alcaldes da Área Metropolitana da Coruña o 20 de outubro de 2016, establecía como un dos eixos de actuación estratéxica a planificación e a xestión da mobilidade metropolitana. A continuación, fai referencia ao Plan de Transporte Público de Galicia, que ven de estar estes días en período de alegacións, indicando que só se refire ao transporte de viaxeiros por estrada, pero non ao transporte público de Galicia, onde debería contemplarse o ferrocarril e outros medios de locomoción. Engade que ven nel unha eiva importante no que respecta ás áreas metropolitanas como eixo vertebrador para tratar o tema de transporte, sendo ese o motivo fundamental da urxencia da moción.-

Efectuada votación, resulta aprobada por maioría, con nove votos a favor e sete en contra, a declaración de urxencia da moción, pasando o sr. Montouto a expor os seus argumentos a favor da mesma; opina que o Plan de Transporte Público de Galicia é unha desfeita, que segundo a Lei 10/2016 de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia o Plan debería estar aprobado no prazo de vinte meses desde a entrada en vigor da mesma, prazo que venceu o 23 de abril último e inda non foi aprobado, e que o máis preocupante para os intereses do concello de Sada é que a escala metropolitana ten un tratamento claramente insuficiente no modelo elixido pola Xunta.-

O sr. Suárez di que a postura política do BNG neste asunto, inda con matices, coincide co exposto polo sr. Montouto, e o seu grupo votará a favor da moción.-

A sra. Bolaño di que o seu grupo está de acordo coa creación dun ente que regule esta mobilidade pero non se pode adiantar pasos sen ter en conta a implicación da Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias.-

Polo grupo PP o sr. Anido di que o servizo de transporte existe, aínda que é mellorable, que o que se pretende é facer borrón e conta nova, querendo acabar con todo o traballo que se fixo durante anos pola Xunta de Galicia. O Plan de Transporte da Xunta está composto por moitos concellos e cree que esa é a mesa onde se debe debater estes temas porque é o órgano competente. Considera que o que se pode facer é instar á Xunta a ir mellorando o servizo tal como se veu facendo durante os últimos anos. Engade que o consorcio vai supor un custo aos cidadáns e que é moi dubidoso que supoña unha mellora para o servizo. Por estes motivos o seu grupo vai votar en contra.-

O sr. Montouto lembra o acordo acadado por Xunta e Concello de A Coruña para que os buses paren no centro da cidade, atendendo a unha demanda veciñal de fai anos, non pode ser só a Xunta a que determine como debe ser o tráfico en Coruña.-

Efectuada a votación resulta un empate con sete votos a favor da moción, sete votos en contra e dúas abstencións. Efectuada unha segunda votación co mesmo resultado, dirime o empate o voto de calidade da Alcaldía a favor da moción, quedando adoptado, en consecuencia, o seguinte acordo:

1º.- Impulsar, no marco do Plan de Transporte Público de Galicia, a creación dunha Autoridade Única de Transporte Metropolitano, baixo a fórmula dun consorcio presidido polo Concello da Coruña, cuxa misión será a de planificar, coordinar e xestionar o servizo de transporte no conxunto da área metropolitana.-

2º.- Acordar que Autoridade Única de Transporte Metropolitano unha vez aprobada a correspondente lei do Parlamento de Galicia segundo se prevé no artigo 122 da Lei de Administración Local de Galicia, se integre na estrutura da futura Área Metropolitana da Coruña.-

3º.- Instar á Mesa de Alcaldes/a da Área Metropolitana da Coruña a que lle requirira á Xunta de Galicia a inclusión de Autoridade Única de Transporte Metropolitano no Plan de Transporte Público de Galicia actualmente en tramitación, tanto aos efectos de planificación como de integración de liñas de transporte.-

4º.- Instar así mesmo á Mesa de Alcaldes/a da Área Metropolitana da Coruña a estudar a eventual inclusión no consorcio doutros concellos do entorno metropolitano.-

5º.- Instar aos Concellos de A Coruña e Arteixo a que adopten os acordos plenarios pertinentes en relación coa creación da Area Metropolitana de A Coruña.-

6º.- Facultar ao Sr. Alcalde para que realice cantas xestións sexan necesarias para formalizar o presente acordo.-

**5.6º.- Moción de rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira Cobre San Rafael SL N° 2946.-**

O sr. Montouto presenta a moción de rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira Cobre San Rafael SL N° 2946 e, despois de dar a benvida e o seu agradecemento aos representantes da plataforma veciñal “Mina Touro-O Pino Non”, presentes no Salón de Plenos, xustifica a urxencia da moción indicando que se trata dun problema medioambiental que ven producido polo capitalismo salvaxe e depredador e os representantes políticos do concello de Sada deben amosar a súa solidariedade cos veciños e veciñas de Touro e O Pino.-

Efectuada votación, resulta aprobada por maioría, con nove votos a favor e sete en contra, a declaración de urxencia da moción, expoñendo o sr. Montouto o seu contido con referencia a informes solicitados polo concello de Touro, elaborados por unha empresa externa, que poñen de manifesto os elementos susceptibles de afección por esta explotación, como infraestruturas ligadas ao consumo de auga do municipio, agravamento do problema ambiental de drenaxe ácida da mina, poboación e vivendas situadas nas proximidades afectadas, hábitats naturais e vexetación e fauna asociada, elementos naturais da contorna directa e actividades asociadas ao río Ulla e elementos do Patrimonio. Así mesmo ten un impacto a nivel demográfico bastante grande. A afección non se limitaría aos concellos de Touro e O Pino senón que tería consecuencias para todos os concellos desa área, incluso unha afección directa ao Camiño de Santiago. Trátase dun proxecto con un impacto ambiental inasumible non só polos veciños destes concellos senón por todos os cidadáns de Galiza, impacto sobre a saúde e sobre a economía, e tamén impacto social e cultural de consecuencia negativas incalculables.-

O sr. Suárez, tras dar tamén a benvida á representación dos veciños afectados presente na sala, di que o BNG xa ten mostrado en reiteradas ocasións o seu apoio á asociación e á súa iniciativa, e mesmo ten levado ao Parlamento de Galicia esta cuestión, que resume dicindo que se trata dunha multinacional que se vai enriquecer empobrecendo aos veciños de Touro, causando a perda de poboación da área afectada e producindo un dano medioambiental irrecuperable.-

A sra. Bolaño agradece tamén a presenza dos veciños afectados presentes e di que dende o Partido Socialista subscriben todas e cada unha das palabras plasmadas na moción e votarán a favor da mesma.-

O sr. López Mallo, do grupo PP, da a benvida aos representantes dos concello afectados e comenta que a falta dun contacto previo co seu grupo para que coñecesen mellor esta moción, non tiveron case tempo para estudala. Existen datos tanto a favor como en contra, pero trátase de cuestións que son estritamente técnicas e científicas; é unha actuación que está en fase de estudio e entende que os responsables correspondentes guíaranse estritamente por cuestións científicas, técnicas e xurídicas dentro do marco europeo normativo, polo que o seu voto será abstención.-

Procedese á votación quedando aprobado por maioría, con nove votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Instar ás Consellerías do Mar, Medio Rural, a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a de Cultura e Ordenación Universitaria e á de Economía, Emprego e Industria a emisión de informes negativos tal e como procede polas las consecuencias negativas descritas e todas as que en alegacións se presentaron polas entidades e particulares, e así se desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, n° 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas daunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESO14PEAEGAL-L9, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429, de protección do Camiño de Santiago e da actividade económica estratéxica e fundamental dos concellos de Touro e O Pino baseada na agricultura, a gandería, as industrias agroalimentarias e forestal, o turismo, a hostalería e os servizos.-

2º.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados e drenaxe ácida, para como

mínimo asegurar que non se siga comprometendo a calidade ambiental dos afluentes do río Ulla e por tanto da rede Natura 2000, que verten dos terreos da anterior mina ó río Ulla e de ahí á Ría de Arousa.-

3º.- Facultar ao Sr. Alcalde para que realice cantas xestións sexan necesarias para formalizar o presente acordo.-

– Sendo as vinte e unha horas e corenta minutos abandona a sesión o concelleiro sr. Rodríguez.-

#### **6º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Tellado pregunta ao sr. Alcalde se iniciou algún trámite ou xestión para a aprobación definitiva do Plan Xeral e o cobro da subvención correspondente. Responde o sr. Alcalde que se lle contestará por escrito.-

O sr. López Mallo fai os seguintes rogos e preguntas:

1) Roga que se lle comunique á empresa concesionaria que recoloque dous contedores de lixo, na zona das curvas de Osedo, que foron desprazados por causa dunha árbore caída durante o último temporal e que invaden a parada de buses, xerando risco para o tráfico. Responde o sr. Alcalde que será trasladado a CESP, empresa concesionaria da recollida de lixo no Consorcio das Mariñas.-

2) Pregunta á sra. Pardo, Concelleira de Cultura, cando lle vai contestar por escrito, tal como se comprometeu, a unha pregunta feita no pleno do mes de novembro sobre unha subvención para adquisición de material para a biblioteca que non foi tramitada no seu momento. Responde a sra. Pardo que foi un erro pola súa parte non terlle contestado por escrito, que a subvención si se tramitou e estaba sendo levada polos técnicos da biblioteca, que a avisaron cando xa estaba esgotado o prazo para mercar libros de que xa non podían facelo. O sr. López Mallo di que simplemente cunha proposta de gasto, que vai asinada pola Concelleira, teríase solucionado o problema. A sra. Pardo di que iso foi o que fallou, non houbo proposta de gasto porque non houbo orzamento por parte da técnica que é a que sabe os libros que se precisan na biblioteca.-

A sra. García Freire, en relación coa súa solicitude do pasado 11 de abril de acceso a un expediente de responsabilidade patrimonial que lle foi denegado por non especificar na súa solicitude para que fin o solicitaba e, por recomendación do técnico, motivado por conter datos persoais protexidos, en concreto datos médicos, pregunta por que ao seu compañeiro portavoz do grupo si lle deron acceso ao mesmo expediente. Responde o sr. Alcalde que, vendo a insistencia, e, en aras dunha maior transparencia, fixeron o posible por esgotar a posibilidade de darlle esa documentación advertindo que eses datos non poden ser feitos públicos porque non pertencen directamente a acción de goberno.-

O sr. Alcalde aproveita a intervención para contestar a primeira pregunta feita polo sr. Tellado, despois de consultar co sr. Interventor, e dille que o PXOM xa está totalmente pagado o que non recibiron aínda os 33.000,00 euros da subvención da Xunta, que se está atrasando no pago, inda que foi presentada en tempo e forma.-

A sra. García Freire roga ao sr. Alcalde que solicite un pouco de respecto nas consideracións do grupo BNG ás súas intervencións. O sr. Alcalde indica que el tamén lle roga que non utilice certos adxectivos.-

O sr. Anido pregunta se se lle vai contestar a unha pregunta feita no pleno de abril e que quedou en responder oportunamente o sr. Montouto, sobre se o concello consentiu que Portos de Galicia instalara unha valla que pecha a rampla do porto da Mariña e se o fixeron con licenza ou sen licenza. Responde o sr. Montouto que os servizos técnicos de urbanismo constataron que Portos de Galicia non presentou comunicación previa para esa actuación e que se lles requiriu para que o fagan o antes posible co obxecto de que, segundo corresponda, se repoña a legalidade ou se abra un procedemento sancionador.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e catro minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-